

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

EXTRACTO da Orde do 10 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2022, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE119A).

BDNS (Identif.): 600024.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os pescadores enrolados en buques pesqueiros ou, segundo o caso, con titulación que permita desenvolver a actividade pesqueira.

Segundo. *Finalidade*

As axudas terán como finalidade:

A primeira adquisición dun buque de pesca.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 10 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2022, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE119A).



Cuarto. *Importe*

Para o ano 2022 as axudas concederanse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria que figura dotada no orzamento de gastos da Consellería do Mar para o ano 2022, sendo o importe total máximo das subvencións que se concedan no dito exercicio orzamentario, o seguinte:

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.780.0.

Importe: 292.500 € para adquisición dun buque de pesca.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde.

Entenderase como último día do prazo para a presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2021

Silvia Cortiñas Fernández
Secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

